

## TURISMO CREATIVO



<http://albuntologia.tumblr.com/post/28262525562/os-guarda-chuvas-cintilantes-no-verao-em-aguea>

## REGULAMENTO DO CONCURSO

### TURISMO CREATIVO: IDEAS INNOVADORAS PARA O NORTE DE PORTUGAL E GALICIA

## CAPÍTULO 1

### DISPOSICIÓN XERAIS

#### Artigo 1º Ámbito e Obxectivos

O Concurso **Turismo Creativo: Ideas Innovadoras para o Norte de Portugal e Galicia** ten como principal obxectivo:

1 - Promover a creación de ideas e solucións creativas e innovadoras para o sector do Turismo no Norte de Portugal e Galicia, en calquera dos subsectores que integran esta actividade económica. Preténdese promover unha cultura de iniciativa e participación da sociedade civil, a través da participación das escolas e da comunidade académica.

2 – É unha iniciativa promovida polo Instituto Superior de Administración e Xestión (ISAG), en asociación coa Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP-AECT), a Entidade Rexional de Turismo do Porto e Norte de Portugal (ERTPN) e a Axencia de Turismo de Galicia, e cuxo obxectivo é estimular a creatividade dos alumnos de Educación Secundaria e de Educación Superior. A articulación do desenvolvemento académico e empresarial é esencial para consolidar e fomentar as relacións entre as dúas realidades, a científica e a profesional.

3 - Este concurso ten como obxectivo o desenvolvemento dunha idea orixinal e innovadora, polo que será necesario que a súa viabilidade práctica sexa demostrada. O concurso xorde dentro:

3.1 – Das excelentes relacións, proximidade e sinerxías das dúas rexións en termos económicos en xeral, e, de xeito particular, no sector turístico. Preténdese que as ideas presentadas sexan sobre un produto/servizo no ámbito do Turismo e que teña como inspiración ao Norte de Portugal e/ou a Galicia. O proxecto pode ser desenvolvido para as dúas rexións en conxunto, só para o Norte de Portugal ou só para Galicia.

## **Artigo 2º**

### **Entidade Promotora**

O Concurso **Turismo Creativo: Ideas Innovadoras para o Norte de Portugal e Galicia** é unha iniciativa promovida polo ISAG - Instituto Superior de Administración e Xestión, en asociación coa Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP-AECT), a Entidade Rexional de Turismo do Porto e Norte de Portugal (ERTPN) e a Axencia de Turismo de Galicia.

## **Artigo 3º**

### **Requisitos da Candidatura**

1. Pódese presentar ao concurso calquera candidatura, tendo en conta que estas deberán ser obrigatoriamente ideas orixinais a desenvolver en áreas específicas do Turismo ou na área territorial comprendida pola Euro-rexión Galicia - Norte de Portugal, ou NUT II Norte, ou NUT II de Galicia. As propostas poderán incidir nas seguintes áreas, aínda que non se limitan ás mesmas:
  - Creación de novos produtos;
  - Creación de novos negocios;
  - Novas estratexias de mercadotecnia e promoción;
  - Novas tecnoloxías de información e comunicación;
  - Novos modelos de xestión, planificación e desenvolvemento;
  - Posicionamento e imaxe;
  - Cultura, identidade e patrimonio;
  - Natureza e medioambiente;
  - Animación e eventos;
  - Creación de redes e estruturas de colaboración.
2. As propostas poden centrarse no territorio, independentemente do ámbito xeográfico, e/ ou ser aplicables a calquera dos subsectores do Turismo, tales como aloxamento, restauración, axencias de viaxe, operadores turísticos, guías intérpretes, transportes, servizos e actividades culturais, servizos e actividades de lecer e tempo libre.

3. A proposta presentada debe desenvolverse adecuadamente e fundamentada de maneira a incluír todos os elementos solicitados no artigo 7º..
4. A proposta deberá demostrar a viabilidade da idea presentada e deberá ser inédita e orixinal.

#### **Artigo 4º Candidatos**

1. Poden participar persoas a título individual ou en grupo. Os grupos deben ser constituídos por un máximo de 3 persoas. Poden ser de calquera nacionalidade.
2. Este concurso ten dúas categorías distintas, dirixidas a diferentes destinatarios:
  - a. Categoría Colexios/Escolas/Institutos: destínase a alumnos de ensino secundario, que asistan a cursos científico-humanísticos, cursos tecnolóxicos, cursos profesionais, cursos de ensino artístico especializada, ofertas educativas.
  - b. Categoría Ensino Superior: destínase a alumnos de ensino superior, inscritos en cursos de licenciatura ou master.
  - c. Os grupos poden ter persoas de institucións diferentes.
  - d. Os participantes poden ser orientados por un Docente.

#### **Artigo 5º Dereitos de Propiedade Intelectual**

1. A presentación da proposta ao concurso obriga á cesión dos dereitos de propiedade intelectual relativos á candidatura á entidade promotora, a cal poderá utilizar e implementar o obxecto da candidatura.
2. O candidato é responsable da non orixinalidade das propostas a concurso, no caso da violación dos dereitos que pertencen a terceiros.
3. Aos Dereitos de Propiedade Intelectual aplícase a lei portuguesa en vigor.

## **Artigo 6º Xurado**

1. O Xurado estará composto por representantes das seguintes entidades:
  - ISAG – Instituto Superior de Administración e Xestión
  - Entidade Regional de Turismo Porto e Norte de Portugal
  - GNP-AECT - Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal
  - Axencia de Turismo de Galicia
  - 2 Profesores especializados na área de Turismo.
2. O Xurado resérvase o dereito á non aceptación das candidaturas, no caso de que non se axusten nos obxectivos definidos.
3. Das decisións do Xurado non haberá posibilidade de apelación.

## **CAPÍTULO 2 ORGANIZACIÓN**

### **Artigo 7º Prazo da Candidatura**

O período de presentación da candidatura é até as 17 horas do día 31 de Maio de 2013.

### **Artigo 8º Recepción, Formalización e Validación das Candidaturas**

1. A candidatura considérase formalizada coa entrega da seguinte documentación:
  - a) Formulario de candidatura, dispoñible na páxina *web* do concurso, en [www.isag.pt](http://www.isag.pt).

- b) Documento de identificación e tarxeta de Estudante (copia dixitalizada en formato pdf) do participante. No caso dos grupos, débense entregar copias dos documentos de todos os participantes.
  - c) Declaración relativa á cesión dos Dereitos de Propiedade Intelectual, dispoñible na *web* do concurso ([www.isag.pt](http://www.isag.pt)), a cal deberá ser asinada polo responsable da candidatura.
  - d) Proxecto candidato.
2. O formulario de candidatura deberá ser cuberto en formato dixital e enviado xunto coa documentación a que se refire no n.º 1, parágrafo b) do presente artigo, á dirección de correo electrónico [turismocriativo@isag.pt](mailto:turismocriativo@isag.pt) ata as 17 horas do día **31 de Maio de 2013**.
3. A Candidatura debe ser cuberta no Formulario da Candidatura que se atopa na páxina web do ISAG. No devandito formulario debe constar:
  - a) Nome e Obxectivo do Proxecto;
  - b) Nome do(s) elemento(s) que desenvolverán o proxecto;
  - c) Nome da Colexio/Escola/Instituto/Universidade...
  - d) Nome do Responsable da Candidatura;
  - e) Nome do Docente orientador (no seu caso).
4. A Declaración de cesión dos Dereitos de Propiedade Intelectual deberá ser cuberta en formato papel e enviada por carta certificada con acuse de recibo ao Concurso Turismo Creativo: Ideas Innovadoras para o Norte de Portugal e Galicia, Rua do Campo Alegre, 1376, 4150-175 Porto, até o día **31 de Maio de 2013**.
5. Os proxectos candidatos deberán ser entregados en formato PDF, en lingua Portuguesa, Inglesa, Española ou Galega. Recoméndase que os traballos entregados en Formato PDF non sexan superiores a 30 páxinas, sen incluír os anexos. Os traballos deberán estar en letra *Times New Roman*, tamaño 12, \*interlineado de 1,5.
6. O proxecto poderase acompañar de elementos complementarios que contribúan á exposición da idea, tales como documentos en formato PDF ou MS Office, vídeos e imaxes.
7. A validación das candidaturas será realizada a través do envío do e-mail **turismocriativo@isag.pt**, que confirmará a recepción de toda a documentación descrita no número 1 do presente Artigo, e asignarase un número de identificación da proposta, até as 24:00 horas do día 5 de xuño de 2013.

## Artigo 9º Avaliación dos Proxectos

1. Os proxectos serán obxecto dunha análise previa á admisibilidade das propostas, por unha comisión técnica nomeada polo ISAG, mediante a verificación do cumprimento dos requisitos definidos no artigo 3º e no marco e os obxectivos do concurso, definidos no artigo 1º.
2. Despois desta análise, a confirmación da admisibilidade ou exclusión será comunicada ao candidato responsable vía correo electrónico. Establecerase un prazo de cinco días hábiles para calquera reclamación.
3. Sobre os proxectos admitidos a concurso, establecerase un proceso de avaliación polos membros do Xurado. Cada proposta será avaliada nunha escala de 0 (cero) a 20 (vinte) valores, de acordo cos seguintes criterios:
  - a. Grao de Innovación e Orixinalidade da Idea
  - b. Presentación e Desenvolvemento
  - c. Implementación/viabilidade
  - d. Potencial impacto no sector do Turismo do Norte de Portugal e/ou Galicia
  - e. Concepto do Proxecto

## Artículo 10º Premios

1. Tódalas candidaturas recibidas e avaliadas serán ordenadas no ámbito de cada categoría, de acordo coa clasificación final obtida.
2. Os premios serán distribuídos da seguinte forma:
  - a. Categoría '*Institutos, Colexios e Escolas (Nivel Bacharelato)/Formación Profesional*':  
**1º Premio:**  
**GNP-AECT:** 1 tablet + 1 fin de semana nun hotel 4\* na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

**ISAG:** Cheque de Formación ISAG por valor de 650 €, que se deducirá a partir do ano académico 2013/14, no título de Administración de Empresas / Relacións Empresariales / Xestión Hoteleira / Turismo.

**2ª Premio:**

**ETPNP:** 1 Fin de semana en réxime de Aloxamento + Almorzo no Mosteiro de Tibães en Braga.

**ISAG:** Cheque de Formación ISAG por valor de 200 €, que se deducirá a partir do ano académico 2013/14, en calquera das ofertas de formación ISAG.

**3º Premio:**

**Axencia de Turismo de Galicia:** 1 fin de semana nunha Casa de Turismo Rural en Galicia

**ISAG:** Cheque de Formación ISAG por valor de 100 €, que se deducirá a partir do ano académico 2013/14, en calquera das ofertas de formación ISAG.

**Mencións de Honra**

b. Categoría '*Ensino Superior*':

**1º Premio:**

**GNP-AECT:** 1 tablet + 1 fin de semana nun hotel 4\* na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

**ISAG:** Cheque de Formación ISAG por valor de 650 €, que se deducirá a partir do ano académico 2013/14, no Master de Xestión de Empresas / Dirección Comercial e Marketing.

**2ª Premio:**

**Axencia de Turismo de Galicia:** 1 estancia de 2 semanas de formación no Centro Superior de Hostelería de Galicia (no periodo de outubro de 2013 ata maio de 2014)

**ISAG:** Cheque de Formación ISAG por valor de 200 €, que se deducirá a partir do ano académico 2013/14, en calquera das ofertas de formación ISAG.

**3º Premio:**

**ETPNP:** 1 Fin de semana en réxime de Aloxamento + Almorzo nos Hoteis de Bom Jesus en Braga.



**ISAG:** Cheque de Formación ISAG por valor de 100 €, que se deducirá a partir do ano académico 2013/14, en calquera das ofertas de formación ISAG.

### **Mencións de Honra**

### **Artigo 11º Difusión dos Resultados**

1. Os resultados do proceso de avaliación serán comunicados aos candidatos responsables por carta certificada.
2. Simultaneamente, os resultados serán publicados na páxina *web* do concurso, en [www.isag.pt](http://www.isag.pt).
3. A presentación dos resultados e entrega dos premios realizaranse en lugar e data que será anunciada.

### **Artigo 13º Disposicións Finais**

1. O ISAG garante a confidencialidade de todo o proceso, así coma o anonimato dos participantes que no sexan premiados, se estos así o desexan.
2. Para calquera dúbida ou omisión do presente regulamento, o comité técnico do concurso dará a súa opinión, a cal terá carácter vinculante.